



EUFIRELAB: Euro-mediterranean wildland fire laboratory, a "wall-less" laboratory for wildland fire sciences and technologies in the euro-mediterranean region.

Tipo de proxecto: investigación

Entidad Financiadora: Unión Europea. (EVR1-CT02-40028)

Entidades Participantes: CIF Lourizán y otras 9 instituciones de investigación de países europeos.


Período: 2002 - 2006

Investigador principal: Jean Charles Valette

Investigadores participantes: José Antonio Vega, M^a Teresa Fontúrbel Lliteras, Pedro Pérez-Gorostiaga, Pedro Cuiñas

Resumo: Neste proxecto se promoveu a creación dun espazo europeo de investigación no ámbito dos incendios forestais. O obxectivo foi reforzar a cooperación entre os equipos euromediterráneos, activando o intercambio de coñecementos e o "know-how". Tamén, facilitar o desenvolvemento de conceptos, enfoques e linguaxes comúns e así mesmo promover o uso común de instalacións para a investigación e / ou desenvolvemento tecnolóxico e, polo tanto, evitar repeticións innecesarias e custosas nos estudos sobre incendios forestais.

Palabras clave: incendios forestais; metodoloxías de campo e laboratorio; modelos de combustible forestal; comportamento do lume



A mellora das investigacións e tecnoloxías sobre incendios forestais e a transferencia rápida e sistemática dos resultados aos usuarios finais e público interesado en xeral, promoveron a creación deste "laboratorio sen paredes", que perseguíu a creación efectiva dun espazo europeo de investigación no ámbito dos incendios forestais. EUFIRELAB foi estruturado en unidades para (i) reforzar a cooperación entre os equipos euromediterráneos, (ii) activar o intercambio de coñecementos e o "know-how", (iii) desenvolver conceptos, enfoques e linguaxes comúns, (iv), estimular o uso común de instalacións para a investigación e / ou desenvolvemento tecnolóxico e, polo tanto, (v) evitar repeticións innecesarias e custosas nos estudos sobre incendios forestais.

El CIF de Lourizán participou en varias das tarefas abordadas. Efectuó unha revisión do estado da arte sobre os métodos de descrición e o modelado dos combustibles, achegándose unha extensa lista de referencias que abarca dende a pequena escala, a nivel de partículas de combustible, ata grande escala, a nivel de paisaxe. Tamén se inclúen exemplos específicos de métodos de modelado de combustible que abrangue diferentes países ou zonas de Europa.

Asimesmo contribuíu al desenvolvemento de procedementos de recollida de datos para modelar o comportamento do lume nos incendios forestais e a dispersión do fume emitido. Estas metodoloxías refírense a experimentos tanto de laboratorio como de campo e inclúen así mesmo información sobre medicións realizadas durante os incendios forestais. O documento céntrase no tipo de parámetros que se necesitan para desenvolver, mellorar e validar os modelos de comportamento do lume / fume.

Mais información pode obterse en: www.eufirelab.org